O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a presentar no Parlamento galego, no prazo máximo de dous meses, un informe detallado sobre a situación actual de profesionais sanitarios na comarca do Ortegal, que inclúa número de prazas existentes, vacantes, cobertura real e previsión de necesidades a curto e medio prazo.

Santiago de Compostela, 7 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 07/04/2026 16:29:43

Silvia Longueira Castro na data 07/04/2026 16:29:50

Julio Torrado Quintela na data 07/04/2026 16:29:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/04/2026 16:30:04





Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 16:36:00



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Exposición de motivos

A evidencia científica demostra que moitas enfermidades afectan de maneira diferente a mulleres e homes, tanto na súa incidencia como na forma en que se manifestan ou responden aos tratamentos. Porén, durante décadas a investigación biomédica e o deseño das políticas sanitarias tomaron como referencia principal o corpo masculino, o que xerou importantes lagoas de coñecemento sobre a saúde das mulleres.

Esta realidade provocou en moitos casos diagnósticos máis tardíos, infradiagnóstico de determinadas enfermidades ou tratamentos menos adaptados ás necesidades específicas das mulleres.

Nos últimos anos, organismos internacionais e institucións sanitarias están a insistir na necesidade de incorporar de maneira efectiva a perspectiva de xénero na saúde pública, co obxectivo de garantir unha atención sanitaria máis equitativa, eficaz e baseada na evidencia.

Galicia non pode quedar atrás neste proceso. Resulta necesario reforzar a investigación, mellorar a análise dos datos sanitarios, impulsar a formación do

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



persoal sanitario e desenvolver estratexias específicas que aborden de maneira integral os principais retos da saúde das mulleres.

Neste marco, as administracións públicas deben actuar de maneira coordinada. A Xunta de Galicia ten un papel fundamental na planificación sanitaria, mentres que os concellos poden contribuír desde o ámbito da prevención, a información e a promoción da saúde.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar de maneira efectiva a perspectiva de xénero nas políticas públicas de saúde.
2. Mellorar a recollida e análise de datos sanitarios desagregados por sexo.
3. Impulsar a investigación sobre enfermidades que afectan de maneira específica ou diferenciada ás mulleres.
4. Desenvolver programas de formación para o persoal sanitario sobre saúde e xénero.
5. Elaborar unha estratexia galega para a Atención Integral da Saúde das Mulleres, con especial atención ás enfermidades infradiagnosticadas, á saúde menstrual e ao climaterio, e á saúde mental con enfoque de xénero.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 07/04/2026 18:17:50

Silvia Longueira Castro na data 07/04/2026 18:17:57

Julio Torrado Quintela na data 07/04/2026 18:18:10

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/04/2026 18:18:18



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2026 18:21:34
Nº Rexistro: 54716
Data envío: 07/04/2026 18:21:34.577

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 07/04/2026 18:21:35

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A medicina xenómica é unha rama da medicina que estuda o conxunto completo de xenes dunha persoa para comprender mellor a súa saúde, analizando a información xenética para identificar predisposicións a enfermidades e características individuais.

Grazas aos avances tecnolóxicos, hoxe é posible ler o ADN dunha persoa de forma máis rápida e accesible, permitindo detectar variacións xenéticas que poden influír en como se desenvolve unha enfermidade ou en como responde o corpo a determinados tratamentos.

Un dos principais beneficios da medicina xenómica é a medicina personalizada ou de precisión. Isto significa que é posible diagnosticar doenzas de orixe antes descoñecido e que os tratamentos poden adaptarse a cada paciente segundo o seu perfil xenético, podendo tomar decisións máis informadas, realizar terapias específicas que aumentan a eficacia e reducindo efectos secundarios innecesarios.

Galicia está a desempeñar un papel moi relevante tanto na medicina xenómica como na medicina personalizada e de precisión, situándose como unha das comunidades máis avanzadas neste ámbito en España. Isto débese á combinación de investigación científica, infraestruturas sanitarias e proxectos estratéxicos que integran a xenética na práctica clínica diaria.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 09:55:55
Nº Rexistro: 54723
Data envío: 08/04/2026 09:55:55.233

Entre os proxectos máis destacados que se están levando a cabo na nosa comunidade, destaca o Proxecto Xenoma Galicia, que pretende analizar o ADN de centos de miles de persoas para anticipar enfermidades e mellorar a prevención.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-zvW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Na mesma liña, a Fundación Pública de Medicina Xenómica é un dos tres centros nacionais implicados no desenvolvemento do proxecto IMPaCT Xenómica, liderado polo doutor Ángel Carracedo, no marco da Estratexia Nacional de Medicina de Precisión.

Do mesmo xeito, tamén é significativo aposta pola oncoloxía de precisión, cunha estratexia específica que incorpora o diagnóstico molecular avanzado e o estudo de biomarcadores para adaptar mellor os tratamentos contra o cancro.

Estas novas formas de entender a saúde e de abordar as enfermidades, pasando dun modelo xeral a un máis individualizado, requiren de investigación, recursos e apoio.

A medicina xenómica e a medicina de precisión e personalizada, é un área de coñecemento moi extensa e cun grao de avance exponencial, polo que neste momento é fundamental a creación das especialidades de xenética médica e xenética de laboratorio no Sistema Nacional de Saúde.

Os avances neste campo están a transformar profundamente a práctica médica e requiren profesionais cunha formación moi específica. A creación destas especialidades contribuirían a garantir a equidade no acceso á medicina de precisión, permitindo estandarizar a formación, mellorar a calidade asistencial e asegurar que todos os pacientes poidan beneficiarse destes avances.

En decembro de 2024, aprobouse a creación das especialidades de xenética médica e xenética de laboratorio na Comisión nacional de RRHH del Sistema Nacional de Saúde. Malia isto, nada se fixo dende aquela data, demorando a publicación do Real Decreto de creación da especialidade máis de un ano.

Dende este grupo parlamentario non queremos que aconteza o mesmo atraso que houbo coa aprobación da especialidade de urxencias e emerxencias, por iso consideramos imprescindible a creación destas especialidades e a súa introdución na oferta de formación sanitaria especializada.





Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España, para demandar sen mais demora a publicación do Real decreto polo que formalmente se crean as especialidades de xenética médica e xenética de laboratorio”.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 9:55:40

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 9:55:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 09:55:55
Nº Rexistro: 54723
Data envío: 08/04/2026 09:55:55.233

CSV: BOPGDSPG-zvW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Julio García Comesaña, Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Roddríguez Martínez, Moisés Rodríguez Pérez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A denominada saída sur de Vigo constitúe unha infraestrutura estratéxica para Galicia, chamada a garantir unha conexión ferroviaria moderna, eficiente e competitiva co norte de Portugal, especialmente coa área metropolitana de Porto.

Esta actuación forma parte dos compromisos adquiridos no marco da conexión de alta velocidade entre España e Portugal, sendo clave tanto para a mobilidade de persoas como para o transporte de mercadorías, así como para o desenvolvemento económico e a integración do noroeste peninsular no Corredor Atlántico europeo.

Porén, a realidade actual deste proxecto dista moito das previsións anunciadas ao longo dos últimos anos. A día de hoxe, a saída sur de Vigo continúa en fase de estudo informativo, sen que exista un trazado definitivo aprobado nin proxectos construtivos redactados, o que evidencia un atraso significativo na súa tramitación.

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, a través de Adif, limitouse ata o momento á licitación de estudos preliminares para determinados tramos, como o comprendido entre O Porriño e a fronteira portuguesa, o que pon de manifesto que o proxecto segue nunha fase inicial, moi afastada da súa execución material.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 10:07:36
Nº Rexistro: 54725
Data envío: 08/04/2026 10:07:36.036

A maiores, os prazos comprometidos para a posta en servizo desta infraestrutura resultan pouco cribles á vista da situación actual.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-zvWw5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Mentres que desde o Goberno central se teñen trasladado datas arredor dos anos 2032 ou 2033, diversas análises técnicas e estimacións sitúan a súa finalización nun horizonte máis afastado, que podería acadar os anos 2036 ou mesmo 2038.

Esta situación vese agravada pola necesidade de coordinación co Goberno portugués, que mantén outras prioridades en materia ferroviaria, o que introduce un factor adicional de incerteza sobre os prazos e a execución efectiva da conexión internacional.

Mentres tanto, a conexión ferroviaria actual entre Vigo e Porto presenta importantes limitacións en termos de velocidade, capacidade e competitividade, chegando mesmo a sufrir interrupcións prolongadas como consecuencia das obras na liña existente, o que evidencia a falta dunha alternativa moderna e fiable.

En consecuencia, Galicia continúa sen unha conexión ferroviaria internacional acorde co seu potencial económico e demográfico, e sen garantías de que esta situación vaia a resolverse a curto ou medio prazo.

Por todo o exposto, resulta necesario impulsar con decisión este proxecto, dotándoo de planificación, prazos certos e compromisos reais de execución, por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia, a dirixirse ao Goberno de España para:

- 1.- Acelerar de maneira inmediata a tramitación da saída sur de Vigo, impulsando a aprobación do estudo informativo e a redacción dos proxectos construtivos necesarios para a súa execución.
- 2.- Establecer un calendario certo, detallado e público para o conxunto das actuacións necesarias na conexión ferroviaria entre Vigo e a fronteira portuguesa, incluíndo todas as fases do proxecto.





- 3.- Reforzar a coordinación co Goberno de Portugal co obxectivo de garantir unha execución sincronizada da conexión internacional, evitando novos atrasos derivados da falta de planificación conxunta.
- 4.- Garantir que a saída sur de Vigo sexa unha infraestrutura de altas prestacións, apta tanto para tráfico de viaxeiros como de mercadorías, e plenamente integrada no Corredor Atlántico.
- 5.- Adoptar medidas transitorias que melloren a conexión ferroviaria actual entre Vigo e Porto, incrementando as frecuencias, reducindo os tempos de viaxe e garantindo a continuidade do servizo durante as actuacións en curso”.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 10:07:22

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 10:07:36
Nº Rexistro: 54725
Data envío: 08/04/2026 10:07:36.036

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 10:07:36

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Julio García Comesaña, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

Infraestructuras estratéxicas que conectan a cidade de Vigo co resto país e co eixo atlántico galego, o tren de alta velocidade, os accesos por estrada, as conexións portuarias e o transporte metropolitano.

Exposición de motivos

Vigo e a súa área metropolitana constitúen un dos principais motores económicos, industriais e demográficos de Galicia.

A súa competitividade e o seu desenvolvemento dependen en boa medida das infraestruturas estratéxicas que conectan a cidade co resto do país e co eixo atlántico galego: o tren de alta velocidade, os accesos por estrada, as conexións portuarias e o transporte metropolitano.

Durante o último goberno do Partido Popular en España, o alcalde de Vigo realizaba constantes reivindicacións sobre a necesidade de avanzar en proxectos como o AVE directo a Madrid por Cerdedo, a conversión en tramo urbano da AP-9 entre Teis e o centro da cidade, o soterramento do último treito da VG-20 na zona de Navia, ou a imprescindible Saída Sur ferroviaria, clave para a conexión internacional con Portugal e para o futuro do Porto de Vigo.

Tras case oito anos de Gobernos socialistas en Madrid, encabezados polo presidente Pedro Sánchez, non se rexistraron avances substanciais en ningunha destas actuacións, a pesar de seren proxectos fundamentais tanto para Vigo como para toda Galicia.

Pola contra, o recente protocolo de intencións asinado entre o Ministerio de Transportes e o Concello de Vigo para a humanización da AP9, que se presenta como un logro, supón un paso atrás ao limitarse a declaracións xerais sen compromiso



orzamentario nin prazos de execución, o que certifica a ausencia de feitos concretos tras anos de parálise.

Ademais, cómpre lembrar que o Porto de Vigo, pola súa importancia estratéxica, pola capacidade loxística e polas súas relacións comerciais internacionais, debe ser recoñecido como Porto Nodal no marco da Rede Transeuropea de Transporte (TEN-T) e das planificacións estatais.

Ese recoñecemento suporía un salto cualitativo para a economía galega e consolidaría a Vigo como o gran eixo atlántico do noroeste peninsular.

Resulta incomprendible que quen antes realizaba reivindicacións constantes garde agora silencio fronte á falta de investimentos e de planificación estratéxica, nunha clara mostra de submisión política ante o Goberno central e de desleixo dos intereses dos vigueses e das viguesas.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a trasladar ao Goberno de España as seguintes demandas:

1. Comprometer recursos e prazos concretos para a execución do AVE directo Vigo–Madrid por Cerdedo, priorizando a súa tramitación administrativa e técnica.
2. Acordar coa Xunta de Galicia e co Concello de Vigo a humanización e conversión en tramo urbano da AP-9 entre Teis e o centro da cidade, con financiamento estatal garantido.
3. Incorporar á planificación oficial de infraestruturas a execución soterrada do último tramo da VG-20 en Navia, mellorando a integración urbana e a mobilidade metropolitana.
4. Impulsar de maneira efectiva a Saída Sur ferroviaria de Vigo, garantindo o seu carácter internacional e a conexión directa con Portugal e coa liña atlántica de alta velocidade.
5. Recoñecer o Porto de Vigo como Porto Nodal dentro da Rede Básica Transeuropea de Transporte, priorizando os investimentos necesarios para reforzar a súa competitividade e conectividade ferroviaria e loxística.”

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 10:26:10



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 10:26:45
Nº Rexistro: 54729
Data envío: 08/04/2026 10:26:45.220

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 10:26:46

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Nazareth Cendán Gayoso, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de Motivos

O Parlamento de Galicia, como institución representativa do pobo galego e comprometida cos valores universais de liberdade, dignidade humana e respecto aos dereitos fundamentais, non pode permanecer alleo ás graves situacións de violencia que afectan a distintas comunidades no mundo.

Nos últimos anos, a República Federal de Nixeria vén padecendo unha intensa crise de seguridade, caracterizada pola acción de grupos terroristas, bandas armadas e conflitos intercomunitarios que teñen provocado miles de vítimas mortais e millóns de desprazados.

Neste contexto, diversas organizacións internacionais e entidades de apoio ás comunidades relixiosas teñen alertado dunha situación de extrema vulnerabilidade para a poboación cristiá, especialmente en determinadas rexións do país. Segundo datos recentes, miles de cristiáns foron asasinados nun só ano, concentrándose unha parte moi significativa destas mortes en Nixeria.

Así mesmo, documentáronse episodios especialmente graves, como ataques a aldeas, secuestros masivos —incluíndo menores en centros educativos— ou a captura sistemática de líderes relixiosos, con máis de 200 sacerdotes secuestrados na última década.



Cómpre subliñar que, tal e como sinalan diversos organismos internacionais, a violencia en Nixeria responde a unha realidade complexa, na que conflúen factores terroristas, étnicos, económicos e territoriais, afectando tamén a outras comunidades relixiosas.

Non obstante, esta complexidade non pode servir de escusa para minimizar nin invisibilizar o sufrimento de comunidades concretas, nin para eludir a responsabilidade da comunidade internacional na defensa da liberdade relixiosa e dos dereitos humanos.

Desde Galicia, terra de fonda tradición humanista e solidaria, debemos expresar con claridade a nosa condena a toda forma de violencia e persecución, así como o noso apoio ás vítimas.

Por desgraza, a persecución ás comunidades relixiosas non se limita a un só continente. Ademais de África esténdese por Asia e por Oriente Medio, o que constitúe unha clara violación dos dereitos humanos e unha perda dunha parte esencial da historia universal.

Galicia non pode nin debe ser indiferente ante o sufrimento humano. A defensa da liberdade, da vida e da dignidade das persoas é un compromiso irrenunciable que debe guiar a acción política, tamén no ámbito internacional, desde o respecto á legalidade e á cooperación entre pobos.

Por todo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

1º.- O Parlamento de Galicia acorda como Resolución:

- a) Condenar con firmeza os actos de violencia, terrorismo e persecución que afectan ás comunidades cristiás, particularmente en Nixeria, así como calquera outra forma de violencia baseada na relixión ou na pertenza comunitaria.



- b) Expresar a súa solidariedade coas vítimas, coas súas familias e co conxunto das comunidades afectadas por esta grave crise humanitaria.
 - c) Reafirmar o seu compromiso coa defensa da liberdade relixiosa como dereito fundamental recoñecido nos instrumentos internacionais de dereitos humanos.
- 2º.- Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e ás institucións da Unión Europea para:
- a) Intensificar as accións diplomáticas e de cooperación internacional para contribuír á estabilidade e á paz en Nixeria.
 - b) Reforzar os mecanismos de protección das minorías relixiosas e das poboacións vulnerables.
 - c) Impulsar campañas de sensibilización e educación para concienciar sobre a situación dos cristiáns perseguidos, e promover unha cultura de liberdade, respecto e tolerancia cara a todas as confesións relixiosas.
 - d) Apoiar programas humanitarios e de reconstrución nas zonas afectadas.
 - e) Manifesta o seu apoio ás organizacións internacionais e entidades que traballan sobre o terreo na asistencia ás vítimas, na promoción do diálogo interrelixioso e na construción dunha convivencia pacífica."

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 10:29:04



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 10:29:17
Nº Rexistro: 54730
Data envío: 08/04/2026 10:29:17.842

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 10:29:18

CSV: BOPGDSPG-zvW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A crise de acceso á vivenda é unha das principais preocupacións da cidadanía viguesa, especialmente para os mozos e as familias con rendas medias e baixas.

Neste contexto, cómpre destacar o esforzo que está a realizar a Xunta de Galicia, con 919 vivendas en marcha en Navia, das cales son 309 en obras, 265 con obra licitada e 345 co proxecto adxudicado, das que 80 serán aloxamentos compartidos para menores de 36 anos.

Ademais, a Xunta continúa avanzando con novos ámbitos:

- Lavadores: 2.000 vivendas protexidas
- Ramón Nieto: máis de 1.300 vivendas previstas

Todo isto enmárcase no obxectivo de acadar un parque público de 10.000 vivendas en Galicia no ano 2030.

Fronte a este compromiso inversor e executor da Xunta, resulta evidente a ausencia de políticas activas por parte do Concello de Vigo.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Continuar impulsando a construción de vivenda pública en Vigo, reforzando os desenvolvementos en San Paio de Navia, Lavadores e Ramón Nieto.
- 2.- Seguir avanzando na mobilización de solo público e na execución de novas promocións de vivenda protexida.
- 3.- Instar ao Concello de Vigo a desenvolver políticas propias de vivenda pública e alugueiro accesible.
- 4.- Reforzar os mecanismos de cooperación institucional para dar resposta á demanda real de vivenda na cidade.”

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 11:04:21

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 11:04:35
Nº Rexistro: 54736
Data envío: 08/04/2026 11:04:35.160

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 11:04:36

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Porén, a realidade amosa que existen importantes desigualdades territoriais no acceso aos recursos sanitarios, especialmente no medio rural e en comarcas periféricas, onde a dispersión xeográfica e o envellecemento da poboación fan aínda máis necesario reforzar os dispositivos asistenciais e de emerxencias.

A comarca do Ortegal constitúe un exemplo claro desta situación. Trátase dun territorio con características demográficas e xeográficas que dificultan o acceso rápido a servizos sanitarios especializados, cunha poboación dispersa e unha rede de comunicacións que, en moitos casos, alonga os tempos de desprazamento cara a centros hospitalarios de referencia.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Neste contexto, a ausencia dunha ambulancia medicalizada con base permanente na comarca supón unha grave deficiencia na atención sanitaria de urxencias e emerxencias. A dispoñibilidade deste tipo de recurso é clave para garantir unha resposta rápida e eficaz ante situacións de risco vital, nas que cada minuto resulta determinante para salvar vidas ou minimizar secuelas.

A dependencia de unidades situadas noutras comarcas provoca tempos de resposta máis elevados, o que sitúa á poboación do Ortegal nunha situación de desvantaxe respecto doutras áreas de Galicia. Esta situación resulta incompatible cos principios de equidade, cohesión territorial e igualdade no acceso aos servizos públicos que deben rexer o sistema sanitario galego.

Cómpre lembrar que a planificación dos recursos de emerxencias sanitarias debe atender criterios de necesidade asistencial, dispersión poboacional e tempos de resposta, garantindo unha cobertura equilibrada en todo o territorio galego, especialmente nas zonas rurais.

Por todo o exposto, faise necesario que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para corrixir esta situación e garantir que a cidadanía da comarca do Ortegal conte cos mesmos dereitos e garantías en materia de atención sanitaria de emerxencias que o resto da poboación galega.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dotar á comarca do Ortegal dunha ambulancia medicalizada con base permanente, garantindo unha cobertura adecuada das emerxencias sanitarias e reducindo os tempos de resposta.

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 11:03:35

Julio Torrado Quintela na data 08/04/2026 11:03:42

Silvia Longueira Castro na data 08/04/2026 11:03:48

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 11:03:54



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 11:12:13
Nº Rexistro: 54742
Data envío: 08/04/2026 11:12:13.807

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 11:12:14

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández e Nazareth Cendán Gayoso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda é hoxe un dos principais problemas estruturais en Vigo, cunha demanda crecente que non está a atopar resposta suficiente desde o ámbito municipal.

Fronte a esta situación, a Xunta de Galicia está a liderar unha estratexia integral baseada en dous eixos: a construción de vivenda pública e o desenvolvemento de novo solo residencial.

Por unha banda, no barrio de San Paio de Navia:

Hai 919 vivendas en marcha en Navia, das cales son 309 en obras, 265 con obra licitada e 345 co proxecto adxudicado, das que 80 serán aloxamentos compartidos para menores de 36 anos.

Por outra banda, a Xunta impulsa novos desenvolvementos de solo:



1. PIA de Lavadores (Ofimático)

- Suporá un investimento total de máis de 370 millóns de euros entre investimento público e privado.
- Inclúe a construción de 2.000 vivendas protexidas.
- A Xunta investirá directamente 22M€ na urbanización do ámbito.
- Prevese a aprobación definitiva no presente ano e o inicio da urbanización en 2027.

2. PIA de Ramón Nieto

- Desenvolvemento de solo para máis de 1.300 vivendas

Estas actuacións configuran unha planificación real de cidade, que permitirá:

- Crear novos barrios completos.
- Xerar emprego e actividade económica.
- Garantir vivenda accesible a medio e longo prazo.

Todo isto enmarcado no obxectivo de acadar un parque público de 10.000 vivendas en Galicia no horizonte 2030.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal





Fronte a esta planificación e execución, resulta evidente a falta de iniciativa do Concello de Vigo, que:

- Non promove solo residencial.
- Non desenvolve vivenda protexida municipal.
- Non acompaña nin axiliza os grandes proxectos en marcha.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Axilizar o desenvolvemento dos PIAs (Proxecto de Interese Autonómico) garantindo os prazos previstos para desenvolver solo para a construción de máis vivenda protexida.
- 2.- Dirixirse ao Concello de Vigo para que desenvolva políticas propias de vivenda pública e alugueiro accesible”.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 11:12:14



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 11:12:24
Nº Rexistro: 54743
Data envío: 08/04/2026 11:12:24.820

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 11:12:25

CSV: BOPGDSPG-zvW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, **Aitor Bouza Manso, Julio Torrado Quintela e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos seus servizos públicos.

Porén, a realidade amosa que existen importantes desigualdades territoriais no acceso aos recursos sanitarios, especialmente no medio rural e en comarcas periféricas, onde a dispersión xeográfica e o envellecemento da poboación fan aínda máis necesario reforzar os dispositivos asistenciais e de emerxencias.

A comarca do Ortegal constitúe un exemplo claro desta situación. Trátase dun territorio con características demográficas e xeográficas que dificultan o acceso rápido a servizos sanitarios especializados, cunha poboación dispersa e unha rede de comunicacións que, en moitos casos, alonga os tempos de desprazamento cara a centros hospitalarios de referencia.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Neste contexto, a ausencia dunha ambulancia medicalizada con base permanente na comarca supón unha grave deficiencia na atención sanitaria de urxencias e emerxencias. A dispoñibilidade deste tipo de recurso é clave para garantir unha resposta rápida e eficaz ante situacións de risco vital, nas que cada minuto resulta determinante para salvar vidas ou minimizar secuelas.

A dependencia de unidades situadas noutras comarcas provoca tempos de resposta máis elevados, o que sitúa á poboación do Ortegal nunha situación de desvantaxe respecto doutras áreas de Galicia. Esta situación resulta incompatible cos principios de equidade, cohesión territorial e igualdade no acceso aos servizos públicos que deben rexer o sistema sanitario galego.

Cómpre lembrar que a planificación dos recursos de emerxencias sanitarias debe atender criterios de necesidade asistencial, dispersión poboacional e tempos de resposta, garantindo unha cobertura equilibrada en todo o territorio galego, especialmente nas zonas rurais.

Por todo o exposto, faise necesario que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para corrixir esta situación e garantir que a cidadanía da comarca do Ortegal conte cos mesmos dereitos e garantías en materia de atención sanitaria de emerxencias que o resto da poboación galega.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un estudo específico sobre a cobertura actual dos servizos de emerxencias sanitarias na comarca do Ortegal, identificando carencias e propondo solucións que garantan a equidade territorial.

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2026



Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 11:04:03

Julio Torrado Quintela na data 08/04/2026 11:04:10

Silvia Longueira Castro na data 08/04/2026 11:04:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 11:04:23



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 11:12:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 11:12:54
Nº Rexistro: 54745
Data envío: 08/04/2026 11:12:54.660

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé**, **Luis Bará Torres** e das deputadas **Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**, relativa a exixir ao Goberno do Estado a recuperación inmediata das frecuencias e horarios do servizo de ferrocarril entre a cidade da Coruña e Barcelona, eliminados a comezos de 2026.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Renfe vén de anunciar a eliminación, sen xustificación, da conexión directa entre A Coruña e Barcelona neste mes de abril, retirando así o único tren directo entre ambas cidades, un servizo ferroviario con historia, coñecido popularmente como “o Shangai” con máis de 75 anos en funcionamento. Constitúe pois, non só un servizo ferroviario útil, necesario e con ampla demanda, senón un patrimonio inmaterial instalado na memoria colectiva e especialmente vinculado á realidade da nosa emigración.

Até o 2020, A Coruña dispuña de dúas conexións directas con Barcelona, unha nocturna, que foi eliminada logo da pandemia e outra diúrna, con saída e chegada en días non consecutivos e alternando a orixe e destino coa cidade de Vigo. Así, este servizo necesario e con grande demanda, que entra na Galiza por Monforte (onde seguen a reclamar a recuperación do tren nocturno que cumpría unha importante función de conexión para os galegos e galegas na emigración) para continuar por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ourense e Compostela, finalizará o traxecto todos os días no sur do país, mais deixando sen conexión á cidade da Coruña e área de influencia.

O reforzamento do servizo, para mellorar a atención no sur da Galiza é necesario, mais iso non pode implicar a eliminación de conexións da zona norte e a cidade da Coruña cun enorme potencial demográfico, económico e turístico.

Con esta decisión, o Goberno lesiona directamente a cohesión territorial e a igualdade de oportunidades ao tempo que contribúe, máis unha vez, ao desmantelamento progresivo dos servizos ferroviarios con orixe e destino na cidade da Coruña.

Nun momento no que se está a avanzar nas actuacións de mellora da estación de tren da Coruña para modernizala, resulta incomprensíbel que as persoas usuarias sufran recortes nas conexións de tren dispoñíbeis, obrigándoas a realizar varios enlaces e transbordos para viaxar cara Barcelona e outros destinos intermedios como León, Palencia, Burgos, Logroño, Zaragoza ou Tarragona.

É preciso, por tanto, rectificar a decisión anunciada e manter a conexión directa entre A Coruña e Barcelona, mesmo mellorándoo para dispor dun servizo diario que chegue e parta diariamente da Coruña e Vigo, garantindo unhas conexións eficientes para Ferrol e Lugo- así como tamén, como xa temos demandado en anteriores ocasións, recuperar todos os servizos existentes antes da pandemia como o tren nocturno a Barcelona ou a conexión directa entre a Galiza e Euskadi.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a exixir do Goberno do Estado a recuperación inmediata das frecuencias e horarios do servizo de ferrocarril entre a cidade da Coruña e Barcelona, así como a mellora do mesmo”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2026 11:14:39

Luis Bará Torres na data 08/04/2026 11:14:45

Iria Taibo Corsanego na data 08/04/2026 11:15:01

Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2026 11:15:08



Asinado dixitalmente por:

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 11:15:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 11:15:53
Nº Rexistro: 54756
Data envío: 08/04/2026 11:15:53.260

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

Exposición de motivos

A violencia sexual constitúe unha grave vulneración dos dereitos humanos e unha manifestación extrema da desigualdade estrutural entre mulleres e homes, que require unha resposta pública firme, coordinada e especializada.

En cumprimento da Lei orgánica 10/2022, de garantía integral da liberdade sexual, e con cargo aos fondos transferidos polo Goberno de España, a Xunta de Galicia puxo en marcha no mes de decembro de 2024 os centros de crise 24 horas para a atención integral a vítimas de violencia sexual, configurándose como recursos esenciais para garantir unha atención inmediata, continuada e multidisciplinar.

Recentemente, fíxose público o informe de balance correspondente ao primeiro ano de funcionamento destes centros, no que se conclúe que se trata dun recurso público imprescindible para dar unha resposta eficaz, integral e baseada nos dereitos das vítimas de violencia sexual, consolidando así unha política pública comprometida coa súa protección, recuperación e reparación.

Porén, a pesar da relevancia destes dispositivos e dos resultados positivos recollidos no citado informe, cómpre salientar que as cidades da Coruña e

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Pontevedra —dúas das principais áreas urbanas de Galicia— carecen na actualidade destes centros de crise 24 horas, o que supón unha desigualdade territorial no acceso a un servizo fundamental.

Esta situación limita a capacidade de resposta inmediata e especializada para as vítimas residentes ou que se atopen nestas zonas, podendo derivar en situacións de desprotección e dificultade no acceso a recursos clave nun momento de especial vulnerabilidade.

Resulta, polo tanto, necesario avanzar na extensión territorial destes centros, garantindo unha cobertura equilibrada en todo o territorio galego e asegurando que todas as vítimas de violencia sexual poidan acceder, en condicións de igualdade, a unha atención integral, profesional e continuada.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear e poñer en funcionamento, neste ano 2026, un centro de crise 24 horas para a atención a vítimas de violencia sexual nas cidades da Coruña e Pontevedra, co fin de asegurar unha distribución territorial equilibrada destes recursos en Galicia e evitar desigualdades no acceso aos servizos de atención ás vítimas de violencia sexual.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/04/2026 11:14:00

Silvia Longueira Castro na data 08/04/2026 11:14:07

Julio Torrado Quintela na data 08/04/2026 11:14:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 11:14:26



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 11:22:06
Nº Rexistro: 54766
Data envío: 08/04/2026 11:22:06.906

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 11:22:07

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Miguel Fidalgo Iglesias, Magdalena Pérez Millares, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Nazareth Cendán Gayoso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos

O marisqueo a pé é unha actividade esencial para Galicia, tanto desde o punto de vista económico como social, sendo ademais un elemento clave na identidade e cohesión das nosas zonas costeiras.

Nos últimos anos, o sector vén afrontando dificultades derivadas de factores ambientais e climáticos, que afectaron de maneira significativa á produtividade dos bancos marisqueiros e ás condicións de traballo das persoas mariscadoras.

Neste contexto, cómpre destacar a resposta da Xunta de Galicia, que vén de activar un plan de choque dotado con 22,7 millóns de euros, orientado á recuperación dos bancos marisqueiros e ao apoio directo ao sector.

Este plan supón:

- Unha mobilización económica sen precedentes recentes.
- Unha aposta pola colaboración coas cofradías.
- Un enfoque integral que combina compensacións económicas e actuacións de rexeneración.

A Xunta demostra así a súa implicación real cun sector estratéxico, apostando por medidas concretas e por unha resposta áxil ante unha situación excepcional.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Valorar positivamente o plan de choque da Xunta de Galicia, dotado con 22,7 millóns de euros, para a recuperación dos bancos marisqueiros.
- 2.- Apoiar as medidas impulsadas pola Consellería do Mar, orientadas á rexeneración dos bancos e ao sostemento da actividade marisqueira.
- 3.- Continúar desenvolvendo este tipo de actuacións, reforzando a colaboración co sector.
- 4.- Solicitar que se manteña o seguimento e avaliación do impacto das medidas, co obxectivo de garantir a súa eficacia e adaptación ás necesidades reais das confrarías”.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 11:24:08

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 11:24:20
Nº Rexistro: 54770
Data envío: 08/04/2026 11:24:20.888

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 11:24:21

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, **María Felisa Rodríguez Carrera, Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Construción de vivenda protexida no Concello de Mos.

Exposición de motivos

O acceso á vivenda converteuse nun dos principais desafíos para a cidadanía, especialmente en concellos como Mos, onde nos últimos anos se produciu un incremento significativo dos prezos, dificultando o acceso a unha vivenda digna para moitas familias.

Este problema afecta especialmente a mozos, familias traballadoras e outros colectivos, comprometendo non só o seu benestar, senón tamén a fixación de poboación e o desenvolvemento equilibrado do territorio.

Mos presenta unha realidade particular: sendo un municipio de carácter rural e semiurbano, rexistra prezos de vivenda propios de áreas urbanas, o que xera unha clara desigualdade no acceso ás oportunidades.

Na actualidade, ademais, conta con máis de 300 demandantes de vivenda pública e/ou protexida no Rexistro Único de Demandantes de Galicia, o que sitúa ese concello entre os de maior taxa de demanda da comunidade, cun 2,1%, mesmo superando cidades como Vigo (ao redor do 2% ou Pontevedra, 1,3%).

Ao mesmo tempo, o Concello de Mos demostrou unha clara vontade política en materia de vivenda, situándose entre os municipios con maior reserva de solo para vivenda protexida en Galicia. Este esforzo debe ser recoñecido e reforzado.

Por todo iso, resulta fundamental seguir avanzando na promoción da vivenda pública como ferramenta clave para garantir o acceso á vivenda, favorecer a igualdade de oportunidades e asegurar o futuro do municipio.





Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión.

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar impulsando no Concello de Mos de maneira decidida políticas públicas de vivenda, promovendo a construción de vivenda protexida”.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal





Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 08/04/2026 12:06:24

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 12:07:09
Nº Rexistro: 54777
Data envío: 08/04/2026 12:07:09.829

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 12:07:10

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa das súas deputadas, **Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 8ª**.

A actividade marítimo-pesqueira constitúe un pilar estratéxico para a economía galega, especialmente nas zonas costeiras, onde xera emprego directo e indirecto e contribúe á cohesión social e territorial. Dentro deste sector, cómpre salientar o papel fundamental do marisqueo, actividade desenvolvida maioritariamente por mulleres e que presenta unhas condicións de especial dureza e dependencia das condicións ambientais e climáticas.

Nos últimos anos, o sector vén afrontando múltiples desafíos estruturais e conxunturais: o incremento dos custos de produción, nomeadamente dos carburantes; as consecuencias de crises internacionais; o impacto do cambio climático; así como as limitacións derivadas da necesaria protección dos recursos mariños. Estas circunstancias afectan tanto á frota como ás persoas traballadoras do marisqueo, xerando períodos de inactividade forzosa e perdas de ingresos.

Neste contexto, é importante lembrar que o Goberno de España ten impulsado distintas medidas de apoio ao sector pesqueiro, orientadas a mitigar o impacto das crises recentes e a garantir a viabilidade económica das actividades vinculadas ao mar, en coordinación coa normativa europea e co marco de protección social existente.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.socialistas.gal)





Porén, no ámbito das competencias propias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia ten un papel clave na ordenación, regulación e apoio ao sector marisqueiro, incluíndo a aprobación e, se é o caso, a suspensión dos plans de explotación por motivos de conservación dos recursos ou por causas extraordinarias.

Estas suspensións da actividade extractiva supoñen, en moitos casos, a ausencia total de ingresos para as profesionais afectadas, que continúan obrigadas ao pagamento das cotas á Seguridade Social, o que agrava a súa situación económica. Do mesmo xeito, o conxunto do sector pesqueiro sofre perdas derivadas do incremento dos custos e das interrupcións da actividade.

Por todo isto, resulta necesario que a Administración autonómica, no exercicio das súas competencias e en coordinación coas medidas xa adoptadas polo Estado, articule mecanismos de apoio directo que permitan compensar as perdas económicas e garantir a sustentabilidade do sector.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha unha liña de axudas directas e urxentes, destinada ás profesionais do marisqueo afectadas pola suspensión dos plans de explotación, co obxectivo de compensar a perda de ingresos durante os períodos de inactividade.
2. Establecer medidas de apoio económico que contribúan a sufragar o custo das cotas á Seguridade Social, especialmente nos períodos nos que a actividade extractiva estea suspendida por decisión administrativa ou por causas extraordinarias.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



3. Desenvolver un programa autonómico de compensación para o conxunto do sector pesqueiro galego, dirixido a paliar o impacto do incremento dos custos de produción, en particular dos carburantes, así como das situacións de parada ou amarre.

4. Complementar, desde o ámbito das súas competencias, as medidas adoptadas polo Goberno de España, reforzando a cooperación institucional para garantir unha resposta eficaz e coordinada ás dificultades que atravesamos o sector.

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 08/04/2026 13:02:39

Carlos López Font na data 08/04/2026 13:02:54

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 13:03:05



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 13:05:44
Nº Rexistro: 54791
Data envío: 08/04/2026 13:05:44.165

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 13:05:45

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

As Oficinas Rurais Comarcais constitúen un instrumento esencial para garantir a atención directa, o asesoramento técnico e a xestión administrativa do sector primario galego, especialmente no ámbito rural. A súa función resulta clave para facilitar trámites, apoiar ás explotacións e contribuír ao desenvolvemento económico e social do territorio.

Porén, a situación actual da Oficina Rural de Ortigueira evidencia unha preocupante falta de persoal e de medios que está a comprometer gravemente o seu funcionamento. Mentres outras oficinas da nosa terra contan cunha dotación máis ampla de persoal técnico e administrativo, a oficina de Ortigueira presenta unha estrutura claramente insuficiente, cun número moi limitado de profesionais que, ademais, deben dar cobertura a un ámbito territorial máis amplo.

Esta insuficiencia de recursos humanos tradúcese en dificultades reais para prestar un servizo axeitado á cidadanía e ao sector, chegando a situacións nas que non se poden realizar tarefas básicas como o rexistro de documentación ou a tramitación ordinaria de expedientes. A isto súmase a existencia de prazas





vacantes que non se cobren de maneira estable, con solucións provisionais e interinas que non garanten a continuidade nin a calidade do servizo público.

Ademais, a falta de incentivos para o persoal destinado a estas zonas está a dificultar a cobertura das prazas e a estabilidade dos equipos. Esta situación agrava a desigualdade territorial e supón un prexuízo para o sector primario dunha comarca que precisa apoio institucional e servizos públicos eficaces.

Resulta, polo tanto, imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para reforzar os recursos humanos e garantir o funcionamento adecuado da Oficina Rural de Ortigueira, asegurando unha atención digna e eficiente á cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Reforzar de maneira inmediata o persoal da Oficina Rural de Ortigueira, garantindo unha dotación suficiente e estable de profesionais que permita prestar un servizo axeitado á cidadanía e ao sector primario da comarca.
2. Cubrir con carácter estrutural todas as prazas vacantes existentes na devandita oficina, evitando situacións de interinidade prolongada e garantindo a continuidade e calidade do servizo público.

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 13:28:30

Lara Méndez López na data 08/04/2026 13:28:37

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/04/2026 13:28:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 13:28:50



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 13:33:17
Nº Rexistro: 54797
Data envío: 08/04/2026 13:33:17.497

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 13:33:18

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso, Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Exposición de motivos

As Oficinas Rurais Comarcais constitúen un instrumento esencial para garantir a atención directa, o asesoramento técnico e a xestión administrativa do sector primario galego, especialmente no ámbito rural. A súa función resulta clave para facilitar trámites, apoiar ás explotacións e contribuír ao desenvolvemento económico e social do territorio.

Porén, a situación actual da Oficina Rural de Ortigueira evidencia unha preocupante falta de persoal e de medios que está a comprometer gravemente o seu funcionamento. Mentres outras oficinas da nosa terra contan cunha dotación máis ampla de persoal técnico e administrativo, a oficina de Ortigueira presenta unha estrutura claramente insuficiente, cun número moi limitado de profesionais que, ademais, deben dar cobertura a un ámbito territorial máis amplo.

Esta insuficiencia de recursos humanos tradúcese en dificultades reais para prestar un servizo axeitado á cidadanía e ao sector, chegando a situacións nas que non se poden realizar tarefas básicas como o rexistro de documentación ou a tramitación ordinaria de expedientes. A isto súmase a existencia de prazas





vacantes que non se cobren de maneira estable, con solucións provisionais e interinas que non garanten a continuidade nin a calidade do servizo público.

Ademais, a falta de incentivos para o persoal destinado a estas zonas está a dificultar a cobertura das prazas e a estabilidade dos equipos. Esta situación agrava a desigualdade territorial e supón un prexuízo para o sector primario dunha comarca que precisa apoio institucional e servizos públicos eficaces.

Resulta, polo tanto, imprescindible que a Xunta de Galicia adopte medidas urxentes para reforzar os recursos humanos e garantir o funcionamento adecuado da Oficina Rural de Ortigueira, asegurando unha atención digna e eficiente á cidadanía.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar especificamente o persoal administrativo da Oficina Rural de Ortigueira, incorporando cando menos dúas persoas administrativas a tempo completo que permitan asegurar a correcta xestión e tramitación dos procedementos.
2. Garantir o funcionamento ordinario da oficina e a prestación de servizos básicos, como o rexistro e tramitación de documentación, evitando situacións de colapso ou deterioro do servizo.

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 13:28:57

Lara Méndez López na data 08/04/2026 13:29:04

Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/04/2026 13:29:11

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 13:29:17



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 13:33:51
Nº Rexistro: 54799
Data envío: 08/04/2026 13:33:51.483

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 13:33:52

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 13:41:45
Nº Rexistro: 54818
Data envío: 08/04/2026 13:41:45.027

Asinado o día 08/04/2026 ás 13:38
Por Paulo Ríos Santo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Xosé Manuel Golpe Acuña**, **Ramón Fernández Alfonso**, **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o estado das infraestruturas de acceso ao Parque natural das Fragas do Eume.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Mosteiro de Caaveiro, xacemento emblemático no corazón do Parque Natural das Fragas do Eume, é un dos principais reclamos turísticos e culturais de Galicia, con miles de visitantes anuais que xera actividade económica sostible nos concellos de Pontedeume e Monfero. A estrada de acceso desde o portal de Ombre (Alameda) ata o cenobio, de aproximadamente 8 quilómetros, presenta un estado de total abandono: 152 baches catalogados, zonas inundables, árbores en risco de caída e peches recorrentes que impiden o acceso rodado seguro. Esta vía, esencial para a mobilidade dos veciños, propietarios de fincas e turistas, non figura nos catálogos oficiais de estradas da Deputación da Coruña, da Xunta de Galicia nin do Estado español, quedando nun limbo competencial que agrava o seu deterioro.

Os numerosos problemas que se veñen dando nos últimos anos para visitar o canón do Parque e o mosteiro de Caaveiro, que acumularon titulares de prensa e numerosas protestas das persoas visitantes, producidos polo mal estado da única estrada de acceso desde o Concello de Pontedeume, non só non provocaron rectificación ou actuación correctora ningunha por parte da Xunta de Galiza, senón que ven de ratificarse no seu rexeitamento a ocuparse do mantemento desta infraestrutura aínda a custo de ter que recomendar a súa non utilización por problemas de seguridade, o que significa de

Asinado o día 08/04/2026 ás 13:38
Por Ramón Fernández Alfonso

Asinado o día 08/04/2026 ás 13:38
Por José Manuel Golpe Acuña





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

facto que a Xunta corta o acceso ao canón das Fragas e ao mosteiro de Caaveiro, as zonas máis visitadas do Parque natural.

A Deputación da Coruña, na pasada semana santa, viuse obrigada a suspender o servizo de autobús lanzadeira previsto por falta de garantías de seguridade viaria.

Pola súa banda, a Consellería de Medio Ambiente mantén a postura sobre que o vial "non pertence á rede de estradas de titularidade autonómica", malia que a Xunta executou obras de urxencia en 2024 e mantivo historicamente a vía durante décadas como administración xestora do parque natural.

Este "vial da discordia", aberto orixinariamente polo antigo ICONA e transferido á Comunidade Autónoma polo Real Decreto 1535/1984, debería ser asumido pola Xunta en virtude das súas competencias exclusivas sobre os espazos protexidos (Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia).

A indefinición competencial non só compromete a seguridade dos usuarios senón que limita o desenvolvemento turístico sostible das Fragas do Eume, un dos poucos parques naturais galegos no que non se desenrola o Plan Rector de Uso e Xestión (PRUX), e non conta cun capítulo dedicado á mobilidade dentro do parque.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a:

1. Recoñecer de forma inmediata e formal a titularidade autonómica da estrada de acceso ao Mosteiro de Caaveiro (desde a Alameda/Ombre ata a ponte de Santa Cristina e o cenobio), incorporándoa á rede de estradas autonómicas e executando





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

un plan integral de rehabilitación no prazo máximo de 6 meses, con orzamento propio e sen condicionar a outras administracións.

2. Articular un convenio coa Deputación da Coruña e os concellos implicados para unha xestión conxunta e eficiente dos accesos ao mosteiro de Caaveiro; que permitan realizar estes dentro dun marco de seguridade viaria e ambiental coherente”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 08/04/2026 13:38:20

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/04/2026 13:38:27

Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2026 13:38:35

Luis Bará Torres na data 08/04/2026 13:38:41



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 13:41:45
Nº Rexistro: 54818
Data envío: 08/04/2026 13:41:45.027

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 13:41:45

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

A situación da educación pública no rural galego volve amosar, unha vez máis, as consecuencias dun modelo baseado na falta de planificación e no investimento insuficiente.

Na comarca de Curtis, Teixeira, Sobrado e Boimorto a realidade dos centros é ben diferente. Algúns deles reciben remesas de entre 250.000 e 500.000 euros para arranxos e reformas estruturais, mentres que outros están ateigados ou levan dende o ano 1979 sen ningún tipo de intervención.

No CEIP de Teixeira (Curtis), o problema é de ateigamento. Unha boa nova, como é o incremento da poboación, resulta un problema de primeira orde no eido da educación: o incremento do alumnado nos últimos anos provocou unha situación de saturación que fai imprescindible unha ampliación urxente das instalacións, sen que a Xunta de Galicia teña dado resposta á altura das necesidades.





Pasaron de 137 alumnos no ano 2016 á 205 alumnos no ano 2026, incrementándose un 45 por cento o alumnado en pouco máis dunha década. Para o vindeiro curso o máis probable é que non existan aulas suficientes para escolarizar ao novo alumnado no colexio.

E aínda máis: o servizo de comedor ten que dar servizo a 166 persoas usuarias, mentres que no ano 2014 eran soamente 80, incrementouse en máis do cen por cen. A comunidade educativa ve risco de non poder seguir atendendo a demanda crecente debido ao incremento poboacional, e está a reivindicar máis persoal de apoio no comedor, así como melloras nas instalacións como a presenza de pingueiras e humidades no interior das instalacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar de urxencia as reformas necesarias para paliar as deficiencias que atinxen ao CEIP de Teixeira respecto ás goteiras e humidades.
2. Realizar para o próximo curso un plan de ampliación de aulas e dotación de persoal de axuda ao comedor para o CEIP de Teixeira debido ao incremento experimentado nos últimos anos.

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/04/2026 15:49:36

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 15:49:42

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 15:49:49



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 16:38:49
Nº Rexistro: 54825
Data envío: 08/04/2026 16:38:49.297

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 16:38:49

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 16:45:54
Nº Rexistro: 54830
Data envío: 08/04/2026 16:45:54.784

Asinado o día 08/04/26
16:44
Por Iago Tabarés Pêr

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Taibo Corsanego**, **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a celebración do Día Mundial da Lingua Portuguesa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de maio celébrase o Día Mundial da Lingua Portuguesa desde o ano 2019. A Conferencia Xeral da UNESCO dese ano proclamou esta data, que establecera en 2009 a Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa, organización que reúne os pobos que teñen en común a lingua portuguesa e é colaboradora oficial da propia UNESCO.

A lingua portuguesa ten máis de 265 millóns de falantes en todos os continentes, ademais de ser a lingua máis falada do hemisferio sur. Os Días dedicados ás diferentes linguas do mundo celebran o plurilingüismo e a diversidade cultural, e tamén son unha oportunidade para sensibilizar a comunidade internacional en relación coa historia, a cultura e o uso de cada unha destas linguas. O plurilingüismo promove, ademais da comunicación internacional, a diversidade, a tolerancia e o diálogo.

O Parlamento Galego aprobou en 2010 a Lei Paz-Andrade, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. A exposición de motivos desta lei destaca que o portugués é “idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a Unión Europea, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías emerxentes. É a lingua máis falada no conxunto do Hemisferio Sur”.

Asinado o día 08/04/2026 ás
16:44
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 08/04/2026 ás
16:44
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Alén disto, o seu primeiro artigo establece que “os poderes públicos galegos promoverán o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa e polo carácter estratéxico que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”.

Por todo isto, é imprescindible que o goberno galego poña en marcha actuacións para divulgar a conmemoración do Día Mundial da Lingua Portuguesa, e aproveitar esta data para profundizar no cumprimento da Lei Paz-Andrade.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a conmemorar o Día Mundial da Lingua Portuguesa, en concordancia cos obxectivos da Lei Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 08/04/2026 16:44:02

Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2026 16:44:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/04/2026 16:44:27

Luis Bará Torres na data 08/04/2026 16:44:34



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 16:45:54
Nº Rexistro: 54830
Data envío: 08/04/2026 16:45:54.784

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 16:45:55

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Silvia Longueira Castro** e **Aitor Bouza Manso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

No colexio CEIP Virxe do Portal, de Sobrado dos Monxes levan tempo denunciando a situación que atinxe a temas estruturais. Trátase dun edificio antigo dos anos 70, onde na época das choivas a auga chega ao comedor escolar. As denuncias levan anos facéndose públicas sen que se dea unha solución. Máxime cando o número de alumnado aumentou ata 63 alumnos, cando fai anos estaba en 40. Isto é, trátase dunha zona onde crece a poboación debido á chegada de inmigrantes que reviviron a vida do municipio.

As reformas que precisa o CEIP son estruturais, xa que a auga entra polas fiestras e o comedor. Por outra parte, o mal illamento do centro (inexistente) fai que o frío do inverno entre polos ventanais escapando a calor. Os canelóns e as tellas están rotas na súa maioría, ademais de ter herba e musgo.

Isto provocou que a humidade entrase de xeito indiscriminado, ata tal punto que tal e como relatan profesores e pais, na aula de música hai unha columna carcomida pola polilla por culpa da humidade.

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Unha parte do colexio ten cheiro continuado a comida, porque fai tres anos avaríase a extracción de fumes da cociña e nunca foi reparada, e ademais dende que o edificio foi construído, practicamente non se fixo ningunha obra, mentres que outros colexios da zona, curiosamente, acometen obras de entre 250.000 e 500.000 euros.

Tal é así que o alumnado do CEIP decidiu deixar de ir tres días ás aulas como símbolo de protesta e chamada de atención sobre a situación de deterioro das instalacións da Virxe do Portal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Realizar de urxencia as reformas necesarias para que non chova dentro das dependencias do CEIP Virxe do Portal de Sobrado dos Monxes, non entre o frío polas xanelas e arranxen a saída de fumes da cociña do centro.
2. Realizar para o próximo curso un plan de inversión de infraestruturas para o CEIP Virxe do Portal, debido ao estado de deterioro do edificio.

Santiago de Compostela, 8 de abril do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)





Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 08/04/2026 17:18:43

Aitor Bouza Manso na data 08/04/2026 17:18:49

José Ramón Gómez Besteiro na data 08/04/2026 17:18:56



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2026 17:21:52
Nº Rexistro: 54836
Data envío: 08/04/2026 17:21:52.608

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 17:21:53

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Brais Ruanova Vilas-Boas** e **Ramón Fernández Alfonso** e das deputadas **Carmela González Iglesias** e **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a efectividade do Plan Director da Automoción e a súa revisión co obxectivo de fortalecer o sector cara o futuro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As competencias en política industrial son exclusivas do Goberno galego, desenvolvidas no Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, que aproba o texto refundido das disposicións legais en materia de política industrial en Galicia. Este permite a declaración de sectores estratéxicos e á súa vez a elaboración de Plans Directores para estes.

O caso máis paradigmático é o sector estratéxico da automoción e so seu plan director, foi o primeiro en se aprobar, o que leva máis tempo activo e o que se demostrou insuficiente para estabilizar o sector. Continúan os expedientes de regulación de emprego dende a matriz (Stellantis) até o Centro Tecnolóxico (CTAG) toda a cadea está afectada.

O sector si que deu nuns datos de exportación excelentes, os mellores da serie histórica (máis de 9.000 millóns un 3,1% máis), mais iso non se está a traducir nin en estabilidade laboral, nin en maior peso do emprego industrial no país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector está hiperdependente de Stellantis Vigo: unha soa planta concentra a maior parte da produción e das decisións estratéxicas.

As pemes provedoras (máis do 50% do ecosistema) sofren presións constantes de prezos e prazos impostos polas grandes ensambladoras.

A incerteza normativa sobre o vehículo eléctrico e a competencia de países de baixo custo (Marrocos, Turquía, China) ameaza a viabilidade de moitas empresas locais.

O Plan Director contempla un orzamento para 2025 de 58 millóns de euros, para 2026 de 57 millóns de euros e para 2027 case 12 millóns de euros en total 127.729.013 €, pero :

- Moitas medidas son "transversais" e só se atribúen un 17,2% ao sector da automoción.

- Non queda claro canto chega realmente ás pemes galegas fronte ás grandes multinacionais.

Estes recursos deberían traducirse en:

- Fortalecemento das cadeas de valor internas: Non está a acontecer xa que o sector auxiliar está a se transformar nos elementos de ensamblaxe de menor valor engadido (e polo tanto os elementos máis facilmente substituíbles) da cadea de valor. Xa se está vendo como parte dos traballos que facían as auxiliares se pechan en Galiza e fanse noutras latitudes.

- Creación de emprego cualificado de calidade: Non está a acontecer, o emprego que se xera é, en maior medida temporal e/ou estacional (fixo-descontinuo) e en moitos casos derregularizado a través de ERTES, que realmente buscan minimizar os custos xerais de operación da empresa a través de diminuír os custos laborais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Retención do talento e do know how: Non está a acontecer xa que a crise chegou incluso ao centro tecnolóxico CTAG, declarado como Fundación de interese Galega e onde a Xunta participa do seu padroado, aínda que é certo que apenas ten incidencia. Este Centro recibe subvencións para capitalizar a I+D+i do sector (do conxunto do sector) pero a realidade é que a efectos prácticos acaba funcionando como unha ETT de enxeñería barata Stellantis, e polo tanto incluso os ritmos de traballo en cadea (just in time) acaban importándose a un centro tecnolóxico, que supostamente traballa por proxectos definidos, mais a realidade é que incluso aquí chega a desregularización da xornada laboral e do emprego a través dos ERTE, sempre a disposición de Stellantis.

- Creación de patentes propias: Insto é transversal a tódolos sectores industriais, non hai datos mais debería incidirse, porque sería un indicativo do mantemento e consolidación do know how galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta o Goberno galego a:

1. Crear unha mesa sectorial permanente con presenza, como mínimo, da administración galega, do clúster con representación suficiente das pemes, dos sindicatos, dos centros tecnolóxicos, das universidades, da Zona Franca de Vigo e da autoridade laboral, co obxectivo de avaliar, analizar e propoñer melloras ou reforzos do actual plan director do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Establecer mecanismos que reforen a colaboración universidade e CTAG para garantir unha transferencia efectiva de innovación dende o persoal investigador até as empresas.

3. Establecer medidas contra a deslocalización a través de, como mínimo, cláusulas antideslocalización para as liñas de axudas e subvencións que se destinen ao sector”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 08/04/2026 18:33:43
Ramón Fernández Alfonso na data 08/04/2026 18:33:50
Carmela González Iglesias na data 08/04/2026 18:34:02
Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2026 18:34:08
Ana Pontón Mondelo na data 08/04/2026 18:34:17



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 08/04/2026 18:37:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 54843
Data envío: 08/04/2026 18:37:38.988

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Secundino Fernández Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, relativa á contratación da mellora da estrada OU-533 A Gudiña-A Rúa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada OU-533 que vai dende A Gudiña até A Rúa pasando por Viana do Bolo ten unha grande importancia como elemento vertebrador do oriente ourensán. Esta estrada dun longo duns 50 km, discorre por unha zona de montaña polo que ten un trazado sinuoso e cun porto de montaña, o alto do Covelo, no termo municipal de Viana do Bolo; tamén no seu recorrido hai que atravesar a vila de Viana do Bolo, o que provoca importantes problemas tanto ao tráfico rodado como aos peóns, polo perigo do seu trazado nesta travesía.

Estamos ante unha estrada con moitas curvas, o que lle confire unha especial perigosidade tal e como queda demostrado polo importante número de accidentes que houbo ao longo do seu trazado; algúns deles de moita gravidade provocando numerosos mortos nos últimos anos.

Esta sinuosidade e perigo, son si acaso mais evidentes no tramo A Gudiña Viana do Bolo duns 20 km, en tanto que non hai ningún carril para os vehículos lentos e as zonas para adiantar son practicamente inexistentes.

A OU-533 é unha estrada que ten unha importante circulación por servir de eixo do oriente ourensán, unindo a comarca de Valdeorras coa A-52 na Gudiña. Tamén

Asinado o día 09/04/2026 ás
11:37
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 09/04/2026 ás 11:37
Por Secundino Fernández
Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

circulan por esta estrada moitos vehículos e grande numero de mercadorías que se dirixen cara o norte de Portugal e que proceden tanto de Valdeorras como de Lugo e da comarca do Bierzo, León, Asturias e incluso Cantabria. Así mesmo, esta vía tamén é empregada polos veciños e veciñas da comarca de Valdeorras e de Viana do Bolo para ir á estación da liña de AVE da Gudiña. Estamos polo tanto ante unha vía de moito tráfico, cun alto volume de tráfico pesado

Dende o BNG interesámonos en numerosas ocasións polo seu arranxo e mellora, así como tamén dende o Concello de Viana do Bolo e dos concellos de Valdeorras se solicitou a mellora desta vía sobre todo no tramos A Gudiña Viana do Bolo.

En xuño do 2024 o BNG presentou no Parlamento, ante a inacción da Xunta, unha iniciativa para solicitar a realización do proxecto de mellora e unha posterior contratación das obras. É preciso lembrar que esta iniciativa rexístrase tendo en conta a situación e que antes das eleccións galegas de febreiro de 2024 desde a Xunta de Galiza anúnciase que no primeiro semestre do ano 2024 se encargaría a redacción do proxecto dos arranxos do tramo A Gudiña Viana do Bolo.

Esta proposición non de lei do Grupo Parlamentar do BNG debateuse no mes de xullo do ano 2024 na Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente, e despois dunha transacción foi aprobada por unanimidade das forzas políticas do Parlamento. O texto aprobado foi o seguinte:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar o proceso de contratación das obras na maior brevidade posible e se inclúa unha partida orzamentaria específica nos orzamentos do 2025 para executar as obras no tramo Viana-A Gudiña.”

Pasados case dous anos da aprobación desta iniciativa non houbo avances, non se adxudicou a obra no tramo indicado; en resumo non se sabe nada de dito encargo que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ile fixo o parlamento de Galiza, nin se volveu mencionar a mellora de dita estrada, tan necesaria para as comarcas mencionadas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta Xunta de Galiza a realizar o proxecto de mellora da OU-533, sacar a licitación e contratar as obras no ano 2026 a cargo da partida orzamentaria existente na axencia galega de infraestruturas nos orzamentos da Xunta de Galiza”.

Santiago, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 09/04/2026 11:37:06

Luis Bará Torres na data 09/04/2026 11:37:12



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2026 11:38:32
Nº Rexistro: 54864
Data envío: 09/04/2026 11:38:32.061

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 09/04/2026 11:38:32

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir a Lei de patrimonio cultural en relación á protección e conservación do conxunto muralístico de Urbano Lugrís da Rúa Olmos 25-27 da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado do conxunto muralístico de Urbano Lugrís situado no edificio da Rúa Olmos 25-27 da Coruña segue a avanzar no seu alarmante deterioro e no risco de perda irreversible que xa evidenciaran os informes municipais hai anos e do que deixamos constancia neste parlamento desde o grupo parlamentario do BNG, a través de diferentes iniciativas, nos últimos anos.

Nos últimos tempos, a continuada presión social e política conseguiu avances na protección dos murais de Lugrís.

En outubro de 2025 a Xunta declarou o conxunto dos 12 murais como BIC na categoría de monumento, recoñecendo o seu valor sobranceiro e o seu carácter excepcional.

Na actualidade, a Xunta é tamén a propietaria dos murais que se encontran nun edificio en estado ruinoso pendente de iniciar a rehabilitación por parte do seu propietario, o que está a provocar o avance no deterioro dos murais.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asemade, o Parlamento galego, a instancias do BNG, en abril de 2025 acordou instar o goberno da Xunta a mercar o baixo onde se atopan os frescos para, desde a apertura dun diálogo coas demais institucións, impulsar nel a creación do Espazo Lugrís para poñer en valor a obra do insigne artista, un acordo do que non se ten noticia de ningún avance.

En conclusión, a día de hoxe o conxunto muralístico de Urbano Lugrís está declarado BIC, é propiedade da Xunta de Galiza e, malia todo, segue avanzando a súa situación crítica comprometendo seriamente a súa conservación por falta de compromiso do goberno galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a exercer as súas competencias en materia de protección e conservación, conforme determina a Lei de patrimonio cultural, para pór fin ao deterioro continuado que pon en risco a existencia do conxunto muralístico de Urbano Lugrís e garantir a súa recuperación para o patrimonio colectivo dos galegos e galegas.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica





Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/04/2026 13:08:18

Iria Taibo Corsanego na data 09/04/2026 13:08:22

Ana Pontón Mondelo na data 09/04/2026 13:08:28



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/04/2026 13:10:17
Nº Rexistro: 54868
Data envío: 09/04/2026 13:10:17.522

REGISTRO ELECTRÓNICO na data 09/04/2026 13:10:18

CSV: BOPGDSPG-zvnW5TE8b-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: remisión de documentación

En cumprimento do indicado na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, dou traslado, segundo comunica a Consellería de Facenda e Administración Pública, da documentación respecto das modificacións orzamentarias correspondentes ao **mes de marzo de 2026**.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19



ASUNTO	Modificacións de Crédito Tramitadas: Informe para o Parlamento
PERÍODO	Marzo 2026

1. XERACIÓN

1.1. EXPEDIENTE XC-05-002-26

(Código exp. CODEX XC-2026-197-00100001)

ENTIDADE / CONSELLERÍA	Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (001.05)
ÓRGANO XESTOR	D.X. Mobilidade (001.05.08)

1.1.1. Descrición

Xeración de crédito por importe de 14.434.936,44 € para a aplicación orzamentaria 2026.05.08.512A.470.1(código proxecto 2004.00089) co obxectivo de instrumentar a axuda directa ao transporte público terrestre, urbano e interurbano, no ámbito autonómico, concedida á Comunidade Autónoma de Galicia polas Resolucións do 11 de agosto de 2025 da Dirección Xeral e 16 de decembro de 2025 da Secretaría Xeral de Transportes por Estrada do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible en aplicación do establecido no Real Decreto-Lei 1/2025.

1.1.2. Partidas orzamentarias de destino

COD. ENT.	COD. OF.	APLICACIÓN	DESCRICIÓN APLICACIÓN	PROXECTO	MOD.	ELX.	IMPORTE	CONSOLIDABLE
001	11	05.08..512A.4701	TRANSF. CORRENTES ÁS EMPRESAS PRIVADAS	2004.00089	3010	N	5.703.960,63	0,00
001	11	05.08..512A.4701	TRANSF. CORRENTES ÁS EMPRESAS PRIVADAS	2004.00089	3013	N	8.730.975,81	0,00

